

Luís Loureira

SECCIÓNS

- [INICIO](#)
- [O ESCULTOR](#)
- [NOVAS](#)
- [HEMEROTECA](#)
- [GALERÍA](#)
- [LIGAZÓNS](#)
- [CONTACTAR](#)



A Peneira dos Soños
Escultura conmemorativa do
premio literario Biblos-Pazos
de Galicia

Á procura dos trazos que nos describan

Homenaxe da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) a Xela Arias

O martes 11 de marzo, en Vigo

09/03/2014

O pasado ano 2013, cumpríronse 10 anos do pasamento da poeta Xela Arias. Por este motivo a [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega](#) organiza coa colaboración do IES Álvaro Cunqueiro unha homenaxe que se celebrará neste centro educativo da cidade de Vigo, ás 19.00 do vindeiro martes 11 de marzo, no mesmo mes en que a autora cumpriría 52 anos.

Nesta homenaxe, á que asistirán tamén o fillo e irman da homenaxeada, Darío e Xoán, respectivamente, participarán persoas que ilustran a traxectoria vital e literaria de Xela Arias e a proxección da súa obra. Para iso contaremos con escritoras, editores, músicos, actores, amigas e amigos que lerán a obra de Xela Arias e farán unha pequena lembranza da poeta.

Xela Arias, escritora que non se pode conter nas marxes da xeración que a viu nacer, transcendeu as lindes da escrita e puxo a palabra en contacto con outras disciplinas artísticas. Polifacética, xenerosa e implicada, desde a súa mocidade estivo vinculada ao mundo do libro, primeiro como editora, despois como escritora e tradutora.

No acto poético-musical participarán:

- Manuel Bragado e Fran Alonso, director e subdirector de Edicións Xerais
- María Xesús Nogueira, editora da obra de Xela Arias
- Antía Otero e Marta Dacosta, poetas
- Pilar Carro, promotora do certame poético Xela Arias do IES A Sangriña
- Alba Cid, poeta premiada no certame Xela Arias
- Virginia Barros, Directora do IES Álvaro Cunqueiro
- Eduardo Estévez, tradutor de Xela para o español
- Avelino González, actor
- Ana Iglesias, escritora
- Mercedes Queixas, en nome da AELG
- Darase lectura tamén ao texto escollido pola escritora María do Carme Kruckenberg

A parte musical estará a cargo de:

- O grupo Xardín desordenado
- O clarinetista Fernando Abreu acompañado da voz de Iolanda Zúñiga.

[Voltar atrás](#)